

	<b>BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO A ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN PARA O PERSOAL DO GRUPO DE ESTUDOS DE ARQUEOLOXÍA, ANTIGÜIDADE E TERRITORIO PARA O CURSO 2021.</b>		
<b>Financiamento</b>	<p>1.Os fondos destinados a esta acción retraeranse do orzamento GEAAT (Grupo con Potencial Crecemento ED431B 2019/39) a cargo da “Axuda para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas 2019 nas universidades do SUG , da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia – Grupos con Potencial de Crecemento (GPC)”</p> <p>O importe máximo do crédito orzamentario será variable e corresponderá co crédito dispoñibilizado para esta partida polo GEAAT</p>		
<b>Obxecto</b>	<p>Estas axudas teñen por obxecto contribuír a paliar os gastos ocasionados ao persoal membro do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT a partir de agora), con motivo da realización de actividades de investigación. Poderán ser obxecto de axuda os desprazamentos para a realización de estadias ou presentación de comunicacións en congresos, así como os gastos de tradución e impresión relacionados con publicacións científicas que fosen realizados por membros oficiais do GEAAT.</p>		
<b>Requisitos</b>	<p>Todos os investigadores membros oficiais do GEAAT, coa excepción dos IP’s, que cumpran as seguintes condicións:</p> <p>a) Realizar unha actividade (de acordo coa súa programación académica) que implique o desprazamento a outras universidades participantes no programa de doutoramento, a outros centros de investigación, ou a asistencia a congresos e/ou cursos. No caso de estadias de investigación deberá ter unha duración mínima de 28 días.</p> <p>b) O desprazamento terá que estar rematado antes do 30/10/2021</p> <p>c) Os gastos deberán corresponder a desprazamentos realizados antes do 30 de outubro 2021, sempre e cando a contía sexa inferior a 100 euros.</p> <p>d) Os gastos superiores a 100 euros deberán executarse entre o día da publicación destas bases e o 30 de outubro do 2021. Tamén deberán ser aprobados por un IP do GEAAT. O GEAAT asumirá o pago destes gastos de xeito directo.</p> <p>e) En ningún caso se asumirán pagos xa realizados polos investigadores por cantidades superiores a 100 euros.</p>		
<b>Táboa de gasto</b>	<b>DESTINO</b>	Desprazamento inferior a 28 días	Estadía de 28 días en adiante

	Galicia	20 €	20 €
	Península Ibérica e Baleares	75 €	75 €
	Canarias	100 €	100 €
	Europa e hemisferio norteafricano	150 €	200 €
	Asia e Oceanía	250 €	250 €
	Resto do mundo	250 €	300 €
<b>TRADUCIÓN</b>	A tarifa máxima por palabra que se aceptará tomarase das tarifas de tradutores profesionais de Gran Bretaña	50% custos de tradución	
<b>IMPRESIÓN</b>		50% custos de impresión	
<b>OUTROS GASTOS ASOCIADOS*</b>	*Poderase exixir documentación extra que amose fidedignamente a relación entre actividade financiada e estes gastos.	50% gastos asociados	
<b>Obrigas</b>	<p>As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida, xustificando a asistencia ou estadía mediante o correspondente certificado.</li> <li>-Enviar ao GEAAT antes da finalización do período de xustificación a documentación que acredite a asistencia ao curso/congreso ou estadía na que figuren as datas de inicio e fin.</li> <li>-No caso de obter unha subvención para a mesma finalidade as persoas beneficiarias deberán comunicalo por escrito ao GEAAT. Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexan de aplicación.</li> </ul>		
<b>Prazo</b>	<p>O prazo de presentación das solicitudes será dende a publicación destas axudas na web do GEAAT (<a href="http://geaat.webs.uvigo.es/">http://geaat.webs.uvigo.es/</a>) ata o 30/10/2021 ás 14:00. A documentación enviarase á <a href="mailto:geaat@uvigo.es">geaat@uvigo.es</a>, á atención da coordinadora do GEAAT: Beatriz Comendador.</p>		

## Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. PROTECCIÓN DE DATOS Información sobre a política de protección de datos en:

<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019->

11/Texto\_%20proteccion\_datos\_para\_CONVOCATORIAS\_bolsas.pdf